



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 25 DE XUÑO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e cinco de xuño de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don José Prieto Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin . Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezasete de xuño de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Gabriel Fernández Vázquez con data RE 17 de xuño de 2013 N° RE 2955, relativo a solicitude de colaboración do Concello na homenaxe á figura de Jesús Martínez Pereira.
2. Escrito de Dona Aurora Gil López con data RE 14 de xuño de 2013 N° RE 2890, relativo a solicitude tramitación de procedemento ante a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras,

Consta informe xurídico de data 03 de xuño de 2013.

**INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

1.- Solicitude de información urbanística interesada por **DON MANUEL LÓPEZ DIÉGUEZ EN REPRESENTACIÓN DE DONA JOSEFA FERNANDEZ ABUIN**, con domicilio a efectos de notificación na Estrada de Castrelo nº 46, en San Paio, con número de expediente **RIB/C/47/13**. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 18.06.2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, no lugar de San Paio, (Ref. Catastral 32070A044000910000YZ), a solicitude de **Don Manuel López Diéguez en representación de Josefa Fernández Abuin**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Dona María Angeles Borja Jimenez**, con domicilio na Rúa Ribeiro nº 30, 1º B, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Ribeiro nº 30, 1º B, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-06-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 con data RE 19 de xuño de 2013 Nº RE 3001, relativa a execución definitiva 70/2012, arquivando as actuacións.
2. Comunicación do Xulgado do Social nº 3 con data RE 17 de xuño 2013 Nº RE 2943, relativa a Procedemento Ordinario 407/2013.
3. Comunicación do Xulgado Contencios Administrativo nº 2 con data RE 21 de xuño 2013 Nº RE 3062, relativa a execución de títulos xudiciais 28/2013, outorgando un prazo de cinco días aos efectos de alegacións sobre consignación de cantidades adeudadas.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

4. Comunicación da Consellerá de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con data RE 21 de xuño 2013 N° RE 3053, sobre informe do Plan Xeral de Ordenación Municipal

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **AUTORIZACIÓN OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.-**

Visto o escrito de **R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Real nº 85, A Coruña, na que solicita autorización para o uso da rede de conductos de titularidade municipal para a instalación de redes de telecomunicacións, de acordo co documentación gráfica (Anexo I) presentado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder **R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.**, autorización para o uso da rede de conductos de titularidade municipal das rúas sinaladas no Anexo I o escrito presentado pola referida empresa, conforme o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2013 e de 05 de marzo de 2013.

O interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 0,085 euros/metro lineal de ocupación por mes para o cál deberá presentar debidamente cumprimentado impreso de autoliquidación do prezo público, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece o artigo 5 e ss. do Prezo Público pola utilización de redes de titularidade municipal por empresas explotadoras de subministración que afecten a xeneralidade da veciñanza (B.O.P. de 17 de xuño de 2013).

### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE SOCORRISTA.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 21.06.2013, en base a comunicación recibida de data 14 de xuño de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se comunica que ó abeiro da Orde de 03 de maio de 2013, se autoriza a contraatación de dous socorristas, relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir dúas prazas de socorruta acuático

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 25.06.2013.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

2. Informe de intervención de data 25.06.2013.
3. Informe xurídico de data 25.06.2013.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir dúas prazas de socorrista acuático.

#### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PEÓN FORESTAL.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 21.06.2013, en base a Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o concello de Ribadavia, pola que se autoriza a contratación de catro peóns forestais e un capataz, relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir catro prazas de peón forestal.

No expediente constan os seguintes elementos:

4. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 25.06.2013.
5. Informe de intervención de data 25.06.2013.
6. Informe xurídico de data 25.06.2013.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir catro prazas de peón forestal e unha de capataz.

#### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE CAPATAZ FORESTAL.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 21.06.2013, en base a Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o concello de Ribadavia, pola que se autoriza a contratación de catro peóns forestais e dun capataz, relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de capataz forestal.

No expediente constan os seguintes elementos:

7. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 25.06.2013.
8. Informe de intervención de data 25.06.2013.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

9. Informe xurídico de data 25.06.2013.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir catro prazas de peón forestal e unha de capataz.

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 2º TRIMESTRE DO 2013.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 2º trimestre do 2013, por importe de 48.885,81 euros, tarifa de depuración por importe de 9.470,82 euros, máis 5.836,56 euros de IVE, resultando un total de 64.193,19 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 2º trimestre do 2013, por importe de 21.883,45 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.533,31 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 9.048,12 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 18 de xuño de 2013 e o 23 de agosto de 2013”.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



